

CONSELLO SOCIAL

COMISIÓNS: NORMATIVA, COMPETENCIAS E COMPOSICIÓN

NORMATIVA

Consonte o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social. DOG 4 agosto 2015

Artigo 17. As comisións

1. O Consello Social contará coas seguintes comisións:

- a) Comisión executiva.
- b) Comisións permanentes.
- c) Comisións temporais.

2. As comisións do Consello Social consistirán en estudar, deliberar e remitirle ditames ou propostas ao Pleno, así como na adopción de acordos sobre os asuntos cuxa competencia lle atribuíse e delegase o Pleno, ao que en todo caso lle dará conta.

Artigo 18. A comisión executiva

1. A comisión executiva estará integrada por:

- a) O presidente do Consello Social, que será quen a dirixa.
- b) O reitor da Universidade de Vigo.
- c) Cinco vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos polo presidente.
- d) O secretario do Consello Social, que o será da comisión.

2. Correspóndelle á comisión executiva a dirección ordinaria do Consello Social e o exercicio de todas as funcións específicas que lle encargue o Pleno ou que se prevexan neste regulamento.

Artigo 19. Comisións permanentes

Son comisións permanentes do Consello Social a comisión económica e a comisión de actividades e servizos.

1. A comisión económica estará integrada por:

- a) O presidente do Consello Social, que será quen a presida, ou a persoa en quen delegue.
- b) O vicerreitor competente na área económica, no caso de ser membro do Consello Social. De non ser así designarase outro membro no seu lugar.
- c) O xerente da Universidade de Vigo.
- d) Catro vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos polo presidente.
- e) O secretario do Consello Social, que o será da comisión.

2. A comisión de actividades e servizos estará integrada por:

- a) O presidente do Consello Social, ou a persoa en quen delegue, que será quen a presida.
- b) A persoa responsable da Secretaría Xeral da Universidade de Vigo.
- c) Seis vogais do Consello Social designados polo Pleno e propostos polo presidente.
- d) O secretario do Consello Social, que o será da comisión.

3. Correspóndelles ás comisións permanentes o exercicio de todas as funcións específicas que o Pleno lles encargue ou autorice.

Artigo 20. Comisi3ns temporais¹

1. Son comisi3ns temporais do Consello Social os grupos de traballo especializados e de natureza ocasional que elaborarán todos os informes, estudos e documentaci3ns que o Pleno lles requira, co fin de facilitar as s3as deliberaci3ns e acordos en certos asuntos de especial relevancia.
2. Estas comisi3ns extinguiranse unha vez que concl3an o traballo que motivou a s3a creaci3n. Estar3n formadas polo n3mero de membros que estableza en cada caso o Pleno e o seu presidente ser3 o do Consello Social ou o vogal en quen delegue. Actuar3 como secretario o do Consello Social.

Artigo 28. Reunici3ns das comisi3ns

1. As comisi3ns do Consello Social reuniranse sempre que o presidente as convoque.
2. As regras que se establecen no regulamento sobre convocatoria, orde do d3a, constituci3n, desenvolvemento da sesi3n, votaci3ns e actas dos plenos aplicaranse 3s reunici3ns das comisi3ns no que proceda.

COMPETENCIAS

Consonte a Lei 6/2013, do 13 de xu3o, do Sistema universitario de Galicia. DOG 22 agosto 2013. Artigo 75.

A comisi3n executiva

1.- No 3mbito da s3a propia organizaci3n e funcionamento:

- a) Elaborar o regulamento de organizaci3n e funcionamento do Consello Social, as3 como as s3as modificaci3ns, e elevarlo 3 consellar3a competente en materia de universidades para a s3a aprobaci3n.
- b) Prop3er o cesamento dalg3n dos membros do Consello Social 3 autoridade, entidade ou instituci3n que o designou, logo de declaraci3n da s3a situaci3n de incompatibilidade ou de incumprimento grave ou reiterado das s3as obrigas.
- c) Informar 3 Xunta de Galicia sobre o r3xime de retribuci3ns ou indemnizaci3ns dos membros do Consello Social, consonte o disposto na normativa vixente.

2.- No 3mbito da relaci3n entre a universidade e a sociedade:

- a) Aprobar un plan anual de actuaci3ns destinado a promover as relaci3ns entre a universidade e o seu 3mbito cultural, profesional, econ3mico e social ao servizo da calidade da actividade universitaria.
- b) Aprobar, con car3cter anual, unha memoria das actividades do Consello Social, que remitir3 ao Parlamento de Galicia e 3 consellar3a competente en materia de universidades.
- c) Outorgar, se 3 o caso, axudas, premios, distincions e reco3cementsos no 3mbito das s3as funcions.

3.- No 3mbito econ3mico, financeiro e patrimonial:

- a) Fixar os prezos das ensinanzas propias, dos cursos de especializaci3n e os referentes 3s demais actividades autorizadas polas universidades, as3 como emitir informe en materia de prezos p3blicos dos estudos universitarios oficiais, dentro dos l3mites que estableza a Conferencia Xeral de Pol3tica Universitaria.
- b) Emitir informe sobre a creaci3n ou a adscripci3n de colexios maiores e residencias universitarias.

4.- No 3mbito da supervisi3n de actividades universitarias:

- a) Supervisar o rendemento e a calidade dos servizos universitarios, formulando, se 3 o caso, suxestions e propostas ao consello de goberno da universidade, orientadas a promover a excelencia do ensino, da investigaci3n, da xesti3n e dos servizos.

¹ Lei 6/2013, artigo 82.3: "As3 mesmo, o regulamento determinar3 o procedemento para a constituci3n polo Pleno de comisi3ns temporais"

- b) Solicitar das administracións públicas, oído o consello de goberno, a realización de informes e inspeccións dos servizos que presta a universidade, especialmente os de ensino, investigación, xestión e servizos.
- c) Acordar, co reitor ou coa reitora, nos termos previstos na lexislación orgánica de universidades, o nomeamento e o cesamento da persoa titular da xerencia.
- d) Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do consello de goberno relativos á implantación e á supresión de ensinanza conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, así como á creación, á modificación e á supresión de centros, institutos universitarios de investigación ou calquera outra figura que adopten.
- e) Emitir informe, con carácter previo á súa proposta á Xunta de Galicia, sobre os acordos do consello de goberno relativos á adscrición ou á desadscrición á universidade de centros docentes, de titularidade pública ou privada, para impartir ensinanza conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional, mediante a aprobación do correspondente convenio, así como á adscrición ou á desadscrición de institutos ou centros universitarios de investigación de institucións ou centros de investigación de carácter público ou privado.
- f) Propoñer a creación e a supresión de centros dependentes da universidade sitos no estranxeiro que impartan ensinanza conducentes á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo o territorio nacional.
- g) Aprobar as normas que regulen o progreso e a permanencia na universidade dos e das estudantes de acordo coas características dos respectivos estudos.
- h) Designar de entre os seus membros pertencentes á representación social as persoas representantes do consello social nas entidades e institucións que corresponda e, en particular, as persoas representantes no consello de goberno da universidade, nos termos establecidos na Lei orgánica de universidades.

A comisión de actividades e servizos

2.- No ámbito da relación entre a universidade e a sociedade:

- c) Fomentar a colaboración da sociedade no financiamento do ensino e da investigación na universidade, contribuíndo á captación de recursos económicos externos e ao mecenado á universidade por parte de persoas físicas e entidades.
- d) Realizar estudos sobre materias da súa competencia e, en particular, sobre a adecuación da oferta de titulacións e do contido dos plans de estudo da universidade ás necesidades sociais, sobre o rendemento académico do alumnado e a inserción laboral das persoas tituladas universitarias, sobre a investigación desenvolvida na universidade e a transferencia á sociedade dos resultados desta e mais sobre calquera outra cuestión proposta pola consellaría competente en materia de universidades, de acordo coas funcións propias deste órgano.
- e) Impulsar aquelas actuacións que permitan un maior achegamento do estudantado universitario ás demandas do mercado laboral, e, en especial, a sinatura de convenios entre a universidade e outras entidades, públicas e privadas, orientadas a completar a formación do alumnado e dos titulados e das tituladas da universidade e mais a facilitar o seu acceso ao mundo empresarial.
- f) Estimular a actividade investigadora da universidade, especialmente na súa vinculación cos sectores produtivos, apoiando os proxectos de I+D+i compartidos entre universidade, empresas e tecido social, así como as políticas de transferencia e difusión dos resultados obtidos nas investigacións universitarias.
- g) Favorecer as actividades orientadas a completar a formación científica, cultural e humanística dos universitarios e das universitarias, apoiando as súas manifestacións no seo da universidade e asegurando a súa extensión ao conxunto da sociedade galega.

4.- No ámbito da supervisión de actividades universitarias:

d) Supervisar que a política de bolsas, axudas, exencións e créditos ao estudo e á investigación que outorgue a universidade con cargo aos seus orzamentos ordinarios se desenvolva conforme os principios de publicidade, mérito e capacidade.

A comisión económica

3.- No ámbito económico, financeiro e patrimonial:

- a) Supervisar as actividades de carácter económico da universidade.
- b) Aprobar, por proposta do consello de goberno, a programación plurianual da universidade, así como realizar o seu seguimento.
- c) Aprobar, por proposta do consello de goberno, o orzamento da universidade e coñecer as contas das entidades públicas ou privadas dependentes dela. Os órganos responsables da execución do orzamento deberán informar o consello social do estado de execución nas condicións que determine o seu regulamento de organización e funcionamento.
- d) Aprobar, con carácter previo á súa rendición perante o órgano de fiscalización da Comunidade Autónoma, as contas anuais da universidade e das entidades dependentes dela, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, podendo acordar de xeito motivado a realización de auditorías externas.
- e) No caso de liquidación do orzamento con remanente de tesouraría negativo, proceder á redución do gasto no novo orzamento por contía igual ao déficit producido, nos termos establecidos pola lexislación estatal.
- g) Aprobar, con carácter previo á súa remisión á Xunta de Galicia para a súa autorización, as propostas de operacións de endebedamento.
- h) Emitir informe sobre o cadro de persoal e a relación de postos de traballo do persoal docente e investigador e do persoal de administración e servizos da universidade, con especificación da totalidade dos seus custos, das súas modificacións e dos gastos que supoñen, así como emitir informe sobre os convenios colectivos do persoal contratado, con carácter previo á súa formalización.
- i) Acordar, por proposta do consello de goberno da universidade, e dentro dos límites fixados pola Xunta de Galicia, a asignación singular e individual de complementos retributivos adicionais, ligados a méritos docentes, investigadores e de xestión, aos membros do persoal docente e investigador da universidade, logo de valoración dos méritos pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
- j) Ser informado dos contratos ou convenios en que a universidade sexa parte e daqueles que se subscriban ao abeiro do artigo 83 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- k) Aprobar, por proposta do consello de goberno, os regulamentos internos que regulan a xestión contractual e patrimonial da universidade e aprobar, con carácter previo á súa realización, os actos de disposición sobre bens inmoables e mobles de extraordinario valor da universidade e a desafectación dos seus bens de dominio público. Para tal efecto, as universidades contarán cun inventario, que deberán remitir ao consello social de acordo co que se estipule no seu regulamento de réxime interno.
- l) Aprobar, a proposta do consello de goberno, aceptar pola universidade herdanzas, doazóns ou legados.
- n) Aprobar a creación, a modificación substancial ou a extinción das sociedades, fundacións ou outras entidades en cuxo capital ou fondo patrimonial teña participación a universidade, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, así como a súa integración nestas.

ñ)Velar para que, con carácter previo á aprobación das contas anuais da universidade, se faga a auditoría correspondente, sen prexuízo das competencias da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

COMPOSICIÓN

A comisión executiva

Consonte o artigo 18 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social.

Presidente:	Don Ernesto Pedrosa Silva	Presidente Consello Social
Vogais:	Don Xulio Calviño Rodríguez Don Javier Garrido Valenzuela Dona Marta Iglesias Bueno Don Salustiano Mato de la Iglesia Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo Dona Natalia Zunzunegui Garrido	Intereses Sociais - (Concellos – Vigo) Intereses Sociais – (Empresarios –Vigo) Intereses Sociais – (Xunta de Galicia – Vigo) Consello de goberno - Reitor da UVigo Intereses Sociais – (Xunta de Galicia – Pontevedra) Intereses Sociais – (Parlamento – Vigo)
Secretario:	Don Ignacio Rodríguez Iglesias	

A comisión de actividades e servizos

Consonte o artigo 19.2 do Regulamento de organización e funcionamento do Consello Social.

Presidente:	Don Ernesto Pedrosa Silva	Presidente Consello Social
Vogais:	Don César Blanco Gómez Dona Mercedes Castro Mouzo Don José María Franco García Dona Marta Iglesias Bueno Don Carlos Mollinedo Lois Dona Gloria M ^a Pena Uris Dona Ana Isabel Vázquez Reboredo	Intereses Sociais - (Xunta de Galicia - Ourense) Intereses Sociais - (Parlamento – Vigo) Intereses Sociais – (Asociación Alumni – Vigo) Intereses Sociais – (Xunta de Galicia – Vigo) Consello de goberno- PAS da UVigo Consello de goberno - Secretaria Xeral da UVigo Intereses Sociais – (Xunta de Galicia – Pontevedra)
Secretario:	Don Ignacio Rodríguez Iglesias	

A comisión económica

Presidente:	Don Daniel Barata Quintas	Intereses Sociais - (Xunta de Galicia - Ourense)
Vogais:	Don Jorge Cebrerios Arce Don Manuel Fernández Jáuregui Don José Manuel García Vázquez Don Manuel González Piñeiro Don Jesús Graña Nogueiras Don Antonio Macho Senra	Intereses Sociais - (Empresarios – Pontevedra) Consello de goberno - Xerente da UVigo Consello de goberno - PDI UVigo Intereses Sociais – (Sindicatos - Ourense) Intereses Sociais – (Parlamento – Vigo) Colexios profesionais - Vigo

Secretario: Don Ignacio Rodríguez Iglesias

* As comisións terán capacidade decisoria ata un máximo de 8.000 €, debendo dar conta ao Pleno dos seus acordos en calquera caso. (Acordo 27.05.08)